

[axenda](#)[destaques](#)[directorio](#)[ligazóns](#)[subscríbete](#)[concellaría](#)Estás en: [Axenda](#) > [Conferencias](#) > [As literaturas infantís e...](#)**Horario:**

7 de setembro de 2009 - 10 de setembro de 2009

Lugar:Biblioteca Fundación Caixa Galicia
Frei Rosendo Salvado, 14-16. 15701
Teléfono: 981 59 34 67**Prezo:**

Precisa inscrición previa

As literaturas infantís e xuvenís ibéricas

Universidade de Santiago de Compostela

O VI Curso de formación continua 'As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora' achegárase á poesía infantil no século XXI. Ao longo de catro días sucederanse as charlas, obradoiros, recitais e presentacións editoriais.

O curso está promovido pola Rede temática de Literatura infantil e xuvenil da USC e, este ano, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística. Na inauguración do curso, que terá lugar o luns 7 ás 9:00 horas, participan o director do Departamento de Filoloxía Galega, o presidente da AELG, a directora do curso e o director da Biblioteca da Fundación. Deseguido presentarase un informe sobre docencia e investigación na literatura infantil e xuvenil.

A sesión da mañá completárase cun obradoiro de poesía a cargo do escritor Antonio García Teijeiro, que xunto con Ana María Fernández participará nun encontro literario cos asistentes.

Na tarde do luns, a partir das 16:30 horas, terá lugar un recital poético musical de autores do marco ibérico, para rematar ás 19:00 horas cun encontro co poeta vasco Juan Kruz Igerabide e o portugués Joao Pedro Mésseder.

No marco deste curso, que conta co apoio de diversas institucións e con máis de cen matriculados, terán lugar, ademais dos encontros e recitais, mesas e coloquios sobre a produción poética e a súa investigación, experiencias, talleres de regueifas, de poesía, de plástica, etc. Entre estas actividades tamén se atopa a presentación, o xoves ás 12:00 horas, do monográfico A poesía infantil no século XXI (2000-2008), que se publica co apoio da Fundación Caixa Galicia e Edicións Xerais de Galicia.

O que vai vir

- [Curso de voz falada para actores](#)

01/10/2009

Ramón Bermejo
Impartido por Ramón Bermejo, o curso incidirá no coidado da voz como elemento esencial de comunicación, tanto no eido teatral como noutros ámbitos laborais.

- [Curso de movemento corporal para actores e actrices](#)

07/10/2009

David Loira
Berrobambán ofrece este outono unha oportunidade para actores e actrices de coñecer mellor as posibilidades dramáticas do seu corpo.

- ['Un día con Leonardo', obradoiro de matemáticas artísticas](#)

16/10/2009

O colectivo Crearte propón unha viaxe ao Renacemento na que os rapaces e rapazas de entre seis e doce anos poderán descubrir o útiles que son as matemáticas para facer arte.

- [Monográfico de narración oral en Berrobambán](#)

23/10/2009

Paula Carballeira
Paula Carballeira ofrece un dos tres cursos monográficos sobre a narración oral da tempada outonal da Berroformación.

- [Obradoiro de creación dun libro propio](#)

23/10/2009

Eduvia propón esta actividade que involucrará aos rapaces na creación dun volume propio, achegándoos a outras dimensións bibliográficas máis aló da lectura.